



CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
2201/2022	A Xunta de Goberno Local	23/08/2022

D.^a Consuelo de la Peña Costoya secretaria accidental do Concello de Poio,
CERTIFICA: Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria realizada na data arriba indicada, adoptou entre outros o seguinte acordo

20601.-CONTRATACIÓN.-EXPTE.: 2201/2022. APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN "DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE IOGA E PILATES ("UN ESPAZO PROPIO" DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE) E TAICHI DE BENESTAR SOCIAL"

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria A favor: 5, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 1
-----------	--

RESOLUCIÓN

Dáse conta do expediente electrónico número 2201/2022 no que consta, entre outra a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa da contratación da actividade de "Taichi" asinada o 12 de agosto de 2022 pola Concelleira Delegada de Benestar e Memoria xustificativa da contratación do programa "Un Espazo Propio" asinada o 19 de agosto de 2022 pola Concelleira Delegada de Igualdade, na que se describen obxectivos, insuficiencia de medios, elección de procedemento e prazo de duración.

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 12 de agosto de 2022, para contratar o "Servizo para o desenvolvemento das actividades de Ioga e Pilates do programa "Un Espazo Propio" da Área de Igualdade e Tai-Chi da Área de Benestar Social do Concello de Poio" e Prego de prescricións técnicas.

- Retención de crédito efectuada pola Intervención Municipal o 14 de agosto de 2022 por importe de 3.381,84€ en concepto de "RC 'UN ESPAZO PROPIO':(CURSO IOGA, PILATES, TACHI) CONCELLERÍA DE BENESTAR E CONCELLERIA IGUALDADE. GEST. 2201/2022. CONDICIONADO A TER A RESOLUCION DO CONTRATO ANTERIOR NO MOMENTO DA ADXUDICACION", número de operación contable 2022 22009171.

- Informe da secretaria accidental do Concello emitido o 12 de agosto de 2022.
- Informe emitido pola interventora accidental o 16 de agosto de 2022.
- Proposta da Alcaldía de data 19 de agosto de 2022.





Concello de Poio

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, polo voto favorable das/dos cinco concelleiras/os presentes sendo seis o seu número legal, en exercicio das atribucións delegadas pola Alcaldía, por Decreto de 21 de xuño de 2019, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de dous de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) acorda, de conformidade coa proposta da Alcaldía de data 19 de agosto de 2022 obrante no expediente 2201/2022:

Primeiro: Prestar aprobación ao expediente de contratación para o “Desenvolvemento das actividades de loga e Pilates ("Un Espazo Propio" da Concellería de Igualdade) e Taichi de Benestar Social”, que contén Memoria xustificativa dos servizos a prestar, prego de cláusulas administrativas e prego de prescricións técnicas e proceder á apertura do procedemento de licitación, trámite ordinario, prestando aprobación igualmente ao gasto correspondente para facer fronte ás obrigas derivadas da contratación e debendo consignarse crédito suficiente para responder das obrigas que se deriven do contrato no vindeiro exercicio.

E para que conste expide a presente de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde, coa salvidade do art. 206 do ROF e RXEL, de 28 de novembro de 1986.

A secretaria acctal.

Poio, na data que figura na sinatura dixital á marxe

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Poio

Praza do mosteiro, Nº1, Poio. 36995 (Pontevedra). Tfno. 986770001. Fax: 986771277



Cod. Validación: 7GEE2J7LWNNRYWLN2AYTHANGR | Corrección: <https://concellopoio.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2